

SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES DA SEMANA DO 8-12 DE XUÑO

3º ESO

2ª SESIÓN.

- As palabras, segundo a institución, máis buscadas no seu Dicionario nos meses do confinamento, xunto ás que adoitan repetirse todos os meses nesta listaxe, como **só, máis, fóra**, ou **botar**, foron **corentena,confinamento,máscarae pandemia**.
- O mes de marzo rematou cunha media de 113.000 procuras diarias que **en abril chegaron ás 133.000 (preto de 4.000.000 en total), un 82% por riba das rexistradas no mesmo período do ano anterior**
- COVID-19 é o acrónimo do inglés Coronavirus Disease 2019 'doenza por coronavirus 2019'. **Cando o consideramos acrónimo debe escribirse con maiúsculas, COVID-19, ou con maiúscula inicial, Covid-19**
- **Resiliencia provén do ámbito da Física**. É a capacidade de resistencia ao choque que presenta un material. **Posteriormente pasou ao ámbito da Psicoloxía** para designar a capacidade dos seres humanos para adaptarse positivamente ás situacións adversas.

3ª SESIÓN

- **Teletraballo**.- Prestación da actividade laboral realizada de maneira preponderante no domicilio do traballador ou no lugar libremente elixido por este, de maneira alternativa ao seu desenvolvemento presencial no centro de traballo da empresa ou do empregador.
O prefixo tele é de orixe grega e significa “a distancia”.
- **Desescalada**.- Diminución progresiva de actos ou medios utilizados nun conflito, unha competición ou unha determinada acción. **2** Proceso de recuperación da normalidade, despois dunha situación de tensión ou conflito por unha diminución das causas que a provocaron.
- **Desconfinamento**.-Saída dun estado de confinamento no que estaban limitados os movementos.
O prefixo des significa negación ou acción inversa do significado da palabra simple.
- **Asintomático/a**.-Que non presenta síntomas.
O prefixo a significa tamén negación, privación ou carencia de.
- **Significado de máscara**
1. Obxecto que representa unha cara, que utilizan as persoas para cubriren o rostro e así transformaren o seu aspecto.*No teatro antigo os actores utilizaban máscaras para representar os seus personaxes. Teño na casa varias máscaras que proceden de tribos*

africanas. As máscaras do Entroido.

SINÓNIMOS caranta, carantoña, carauta, careta, caroza, felo. **CONFRÓNTESE** anteface

2. Personaxe que leva unha destas máscaras. *Xa saíron as máscaras do Entroido.*

3. **Aparello especial co que se cobre a cara, ou parte dela, para protexela, evitar respirar gases tóxicos, facilitar o envío de osíxeno aos pulmóns etc.** *Ao enfermo puxéronlle unha máscara para anestésialo. Unha máscara antigás.*

4 **figurado. Expresión mediante a que unha persoa trata de ocultar os seus sentimentos.** *Baixo unha máscara de indiferenza ocultaba unha viva paixón.*

5. Preparado que se aplica sobre a pel da cara ou do pescozo ou sobre o cabelo con finalidade estética ou reparadora. *Unha vez á semana bota unha máscara hidratante antes de ir para a cama.*

E moito ollo coa infodemia!, propagación rápida e abundante de información **falsa** entre as persoas e os medios informativos.

Pasamos da intoxicación informativa individual á epidemia informativa colectiva ou infodemia.